

Núm. 83

Tomo 7.º

nóſ

CATLAE



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.
Fora da Península 8'00 "
Número solto 0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

As cancelas do mar (poesía), por MANUEL BOUZO;
Notas en col do asturiense na bisbarra d'A Guardia, por MANUEL FERNÁNDEZ COSTAS.
Libredón e a súa historia, por J. CANEDO.
Da Alemaña, por VICENTE RISCO.
Os homes, os feitos as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XII



Ourense 15 de Novembro do 1930



Núm. 83

AS CANCELAS DO MAR

A Rafael Pazos

*O ceo é un paxaro torvo
que come os mortos
o mar d'esqueletes
de mortos
fondo.*

*A lúa —medea—
morde co seu pico de paxaro
as almas dos mortos
pra manter estrelas.
—Na miña ialma
hai sete esqueletes
de mortos
sete esqueletes
de sete almas
de sete mortos.
Sete minas
d'osos,
—¡que puzo fondo!—*

*O mar na aurora
é unha fola de mozas*

*que choutan.
A aurora lava
os peitos das mozas
—tristeza fonda!*

*Alá posto no mar
o vapor
comeza a camiñar
é o vapor de Deus que puxan
as almas dos homes
pra fender o ourizonte
Ai...!*

*ause ver os osos dos afogados
rodar coa noite
i-o vapor sin pulo
voltará, il solo,
rubir ao mundo.*

MANOEL BOUZO



NOTAS EN COL DO ASTURIENSE NA BISBARRA D'A GUARDIA

CAMPAÑA DE 1929

O derradeiro ano foi pródigo d-abondo en descubertas da chamada industria *asturiense*.

A cotío descóbrense novas estazóns, i-o material achado é tan grande que ben seguro ningún outro nivel arqueolóxico forneceu tantas pezas en tan pouco tempo.

Car-ó Sul en-sánchase o límite das estazóns coñecidas co-a de Carreço ó Sul de Ancora, descuberta pol-o Tenente Afonso do Paço, e mais a meiodía co-a de Viana-Areosa, de Abel Viana.

Ó Norte, nós verificamos que en toda a beiramar a partir de Area Grande (Guardia) deica Portucelo, onde pararon as miñas pesquisas, hai abondoso *asturiense*.

N-unha cativa visita, en Outubro derradeiro, á praia de Panxón, esteso areal, á entrada da ría de Vigo, recollín unha poutadiña i-un curioso instrumento atípico, en coarcita branca, ben patinado, que somella un raspador. A falta de tempo non me per-

mitiu recorrer as viciñanzas onde espero, n-unha visita mais demorada, atopar o sei-xal ou taller d-onde saíron istes úteis.

No debandito ano, publícanse, despois do meu modesto folleto «As industrias líticas d'A Guardia» varios luminosos traballos e notas bibliográficas sendo os mais impor-

tañtes: «A estación asturiense de Areosa-Viana», de Abel Viana (1); «Estación paleolítica de Carreço», de Afonso do Paço (2) en que se anuncia un novo traballo a publicar en col da estación asturiense da mesma localidade; e «Notulas asturienses», de R. de Serpa-Pinto (3).

Dito isto, paso a espricar as miñas descubertas

no pasado vrau, nas estazóns guardesas, evitando nos obrigados comentarios facer afirmazóns, porque en Arqueología cada día trai unha sorpresa.

(1) Separata de Portucelo, Vol. II.

(2) Separata de «Bruteria», Vol. IX, Fasc. III.

(3) Id. do Fasc. II-Vol. IV dos Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia.




Foto núm. 1

Cómpreme insistir sobre a importancia das estazóns guardesas pol-a abundanza do material lítico.

Según o Sr. Abel Viana, no seu dito notable folleto «A Estação Asturiense de Areosa Viana» (1), ista ofrece pra mais de 4.000 instrumentos. Mentras a cuantía poida ser así limitada, coidamos seu número moi por baixo do das estazóns guardesas. Non embargantes, en outro artigo do mesmo arqueólogo, sobre «Arqueología do Alto-Minho» publicado no jornal «Noticias de Viana» (2) dá como recollidos deica aquela data, na estación Areosa-Viana, 4.730 exemplares, i-en-

dixen n-un meu anterior traballo (1) que istas estazóns son talleres, onde o home asturiense fabricaba seu material, que logo abandoaba pol-a abundanza da materia prima i-o simples da talla.

Istas lascas foron en gran parte aproveitadas como úteis de fortuna, e moitas d-elas amostan señaes de retoque. Mais, algunhas presentan talla intenzual pra convertilas en *furadores*, *facas* i-outros.

As fotos 1 e 2 amostan diversos furadores (2). Algúns poden parecer dubidosos pol-o traballo do mar, mais na meirande parte a talla non ofrece dúbida. Moitos mais




Foto núm. 2

gade que a estación pode ainda fornecer o triplo ou o cuádruplo sin facer escavazóns.

Iste é mais razoable, e, n-iste estado as cousas, non é doado, nin será en moito tempo, saber cual é a mais rica estación.

NOVOS INSTRUMENTOS

Sendo tan considerable a cuantía das pezas traballadas, é, naturalmente, moito meirande o número de lascas desprendidas. Xa

apareceron despois de tiradas as fotografías, inda que a búsqueda non foi persistente.

O primeiro exemplar da foto n.º 3 é unha intresante punta, esmeradamente retocada que non calla co traballo tosco das outras.

O Sr. Abel Viana, no seu devandito traballo, amosta algúns pequenos furadores da mesma técnica e feitío que os guardeses. Non embargantes, n-istas derradeiras vemos mais variedá de tipos, que, deica agora, non foron señalados nas portuguesas.

(1) M. F. C. Op. cit.^a.

(2) As dimensions poden calcularse, xa que o duplo decímetro non saíu na fotografía, pol-as do primeiro instrumento da foto n.º 1, i-o segundo da número 2, que os teñen anotados.

(1) Op. cit. pág. 7.

(2) Número 98 - Fecha 26 Outubro 1929.

A peza representada na figura 1 é un interesante eixemplar de furador, ben retocado e patinado, presentando gume en todo seu contorno. A punta que nós consideramos furador, ben poidera ser un pedúnculo.

A fig.^a 2 amosa un pequeno furador de 30 m/m na meirande dimensión. O da fig.^a 3 ten a mesma técnica que os da foto n.^o 1.

Outro curioso útil derivado d'unha lasca é o da fig.^a 4; ten gume casi todo arredor, con unha muesca intenzual, ben afiada, que é, sin dúbida, a parte útil do instrumento.

A fig.^a 5 representa outra lasca c-unha punta central entre dúas escotaduras con fio. Coidamos ser istas as que xogan o principal rol n'iste instrumento.

A fig.^a 6 é unha lasquiña de 67 m/m de longo, apuntada en ángulo diedro que lembra un buril *aurignacense*. A mesma técnica presenta a peza da figura 7, en meirande grandor, 105 milímetros.




FIG. 1

Tamén é interesante a faca da fig.^a 8. Ten 85 m/m e amosa un gume perfecto, que, ollado de fronte, sigue unha liña sensiblemente reita.

Fig.^{as} 9 e 10.—Son dúas pezas aplainadas de 75 e 74 m/m respectivamente, presentando punta n'unha estremidá e gume na outra.

Fig.^a 11.—É un pequeno pico, simétrico, de 65 m/m de ouro.




FOTO NÚM. 3

Fig.^{as} 12 e 13.—Dous picos procedentes da Arca Grande e de feitío non sinalado deica agora.

Por último, as figuras 14 e 15 amosan dúas machadas amigdaloides, análogas a outras recollidas nas estazóns asturienses portuguesas e guardesas. Teñen a talla bifacial das amendoas *acheulenses*, e son consideradas do paleolítico inferior pol-o señor Afonso do Paço (1).


CONSIDERAZÓNS

O P. Jalhay parez aínda inclinado a considerar paleolítica a estazón de Camposancos do Dr. Fontes (2). Lamentamos non concordar co-a opinión do sabio jesuíta.

(2) Op. cit.^a pág. 7.

(3) Broteria—Núm. de Nadal de 1929. Notas bibliográficas.

O material que mais abonda n-ista estazón son as machadas de abano, que tamén se presentan con fartura nas estazóns *asturienses* miñotas e na citania romanizada do Trega.



FIGS. 2, 3 E 4

Non podemos ademitir, sin violencia, mistura nin supervivenza de industrias, sobre todo prá citania, e mais si engadimos que o distinto arqueólogo señor Mergelina, director das escavazóns n-aquela citania achou na dita estazón de Saa (Camposancos), en un acobillo, dúas machadas do mesmo tipo, con cerámica romana.

Isto, i-a presenza d-istes instrumentos nos mesmos niveis que o moviliario *hallstatiano* de Trega, son



FIG. 7



FIGS. 6 E 8

as únezas afirmazóns que poden facerse deica agora.

Non negamos que algúns úteis de Camposancos — os menos — presentan (como os de Funchidos,

Sete Camiños i-outras estazóns gardesas desviadas do mar) un bó patinado e forte sabor paleolítico, mais inda respecto a estes xulgamos prematuro manifestarnos.

Craro está que si referimos estes instrumentos ó *asturiense*, toupamos co-a mesma dificultá, mais o *asturiense* é unha etapa

preneolítica, e, por tanto, mais doado facer sobrevivir suas formas paralelamente ás industrias dos metais. Dí Dechelette (1): «En moitos puntos os instrumentos de pedra ficaram en uso despois da introdución das ar-




FIG. 5

mas de cobre e de bronce. O metal non estaba á man de xentes de toda condizón i-os menos afortunados deberon pedir moitas veces ó antigo procedemento do sílex, un utilaxe económico».

Na devandita citania tamén apareceron típicos picos *asturienses* que se conservan no Museu da Sociedade «Pro-Monte» de A Guardia.

É digno de nota que nos mais importantes xacementos *asturienses* ó ar libre aparez mistura de paleoli-



FIGS. 9 E 10

co. Siñálase en Ciriago (Santander). En Ancora apareceron varios instrumentos (2). Na

(1) Dechelette, M. d'A. Tomo II páx. 124.

(2) Ray de Serpa Pinto. — «O Asturiense en Portugal».

estazón de Areosa-Viana foi sinalado pol-o seu descubridor Abel Viana (1).

E derradeiramente o Sr. Afonso do Paço, culto arqueólogo portugués, descubriu a es-




FIG. 11

tazón *asturiense* de Carreço, na que recolleu úteis paleolíticos bastantes a separar n-un folleto a estazón *paleolítica* anunciando un novo traballo sobre a *asturiense* (2).

Nas estazóns guardesas abundan as pezas reputadas paleolíticas pol-os devanditos señores. Xa o P. Jalhay apuntou a posibilidade



FIG. 12

de que fose *musteriense* unha peza da estazón dos Muíños (A Guardia), por el descuberta (3). No meu dito traballo sobre as estazóns guardesas (4) describín varios instrumentos de facies paleolítica, e taes son tamén os das figuras 14 e 15 do presente, de que xa fixen referencia.

¿Non é moita coincidencia que o *asturiense* nas estazóns epigeas preséntese sempre con mistura de *paleolítico*?

Soiamente pol-o método tipolóxico podemos separar o material paleolítico, o que non-os parez bastante pra sentar afirmacións. O grado de patinado nada nos dí, porque os que semellan mais vellos e mais traballados son os que foron mais comestos pol-o mar.

En Camposancos, Funchidos i-outras estazóns gardesas desviadas do mar, a pátina dá os ouxetos unha cor amarelada que non se vé nos da beiramar.

Lembremos a Dechelette (1) quen dí: «Ista roca (a cuarcita) non sendo susceptible d-unha talla tan regular como o sílex, o utilaxe dos xacementos do Suloeste (de Franza) presenta a miúdo un aspecto primitivo».

E Goury (2) dí falando da distribuzón do



FIG. 13




FIG. 14

aviliense i-outras industrias *mesolíticas*: «Despois, de eiquí e de alá, xacementos, aínda pouco coñecidos, cuia facies industrial

(1) Abel Viana.—«A estación *Asturiense* de Areosa, Viana do Castelo». Separata de *Portucale*, Vol. II.

(2) A. do Paço.—«Estación paleolítica de Carreço». Separata da revista *Broteria*, Setembro 1929.

(3) E. Jalhay.—«La Estación *Asturiense* de La Guardia». Número 179 do B. C. M. de Ourense, páx. 188.

(4) M. F. C.—Op. citada.

(1) Dechelette.—*M. d'A.*, Tomo I, páx. 85.

(2) G. Goury.—«Origine et evolution de l'Homme», páxina 308.

parez facer revivir culturas *paleolíticas* antigas».

¿Non sucederá algo semellante cós xacementos *asturienses*?

camada e con fauna carauterística. Entón si que podremos, por comparanza, separar o paleolítico —si é que o hay— nas estazóns *asturienses*.




FIG. 15

Pra nós é noxento ademitir tan repetidas misturas.

Non é que neguemos o *paleolítico* en Galiza e Norte de Portugal. Estamos convencidos da súa existencia i-esperamos vel-o xurdir d'un momento pra outro na súa propia

Mentras tanto, coidamos millor esperar.

MANUEL FERNÁNDEZ COSTAS

Vigo-Marzal de 1930



LIBREDÓN E A SUA HISTORIA

por J. CANEDO

Un sabio menos coñecido entre nós do que debiera ser, o Profesor Dr. A. Amor Ruibal, encargoume hai pouco que vise a historia da palabra *Libredón*, da que quixera tratar brevemente.

O Sr. Amor Ruibal indicaba as múltiples oscilacións reinantes no latín medieval: *Libredón* de *Liberum donum*, *Liber-domnus* (por *dominus*), *Libero-domno*, etc. posibles dentro da fase latina, e que tivo ocasión de impugnar oportunamente. Interpretaba «*Libredón*», por *Llwybr-dunum* en significación de Castro o pueblelo do Castro (a la letra, Castro de los caminos). El *dunum* es la palabra celta bien conocida y usual en varias denominaciones de lugar. *Llwybr* es, en welsch, camino frecuentado, o lugar asenderado».

A miña opinión personal é qu'o nome *Libredón* foi traguido pol-os celtas a Galiza en tempos prerromanos. Pol-o seu significado e composición sintáctica, é céltigo, pois nunca se podía chegar a unha tal formación nos idiomas itálicos, anque *Liber* fose común a eles, identificado co deus Pan.

Si asentamos agora a forma original céltiga de *Libredón*, teremos *Liber-dunum* por **Libero-dūno-n* co significado de «castro, fortificación, castillo de Liber». Está localizado actualmente en *Liverdun*, dep. Meurthe-et-Moselle, arrond. Toul. cantón Domèvre. *dunum* aparece en múltiples compostos to-

ponímicos de natureza céltiga, como *Augustidunum* «*Augusti Montem*» (*gallica lingua montem vocari dunum*), *Lugdunum* «*Mons Lugdunus*» (*Lucu-dunos*), etc., etc. Ptol. 2, 2, 9 *dūnon*, en Irlanda, *Castrum Donum*, etcétera. Tácito, Ann. III, 43, sinala as sonadas escolas de *Augustodunum*, a antiga Bibractis, onde toda a mocidade galesa viña estudar (chamadas *escolae maenianae*).

O nome propio *Liber*, ocupándonos sómente dos tempos posteriores á comunidade italo-céltiga, podemos observar nos casos seguintes: *Livré*, dep. Ille-et-Vilaine, arrond. Rennes, cantón Liffré; *Libry*, dep. Calvados, arrond. Bayeux, cantón Caumont. Corp. Inscr. Lat. XII, 593: *Libero patri* (Nîmes) 3078: *Deo Libero patr[i] Severus Secundin[i] filius f.*, etc. *Liber pater* (Saint-Jean-de-Garguier en Géménos). Na Italia, prov. de Milán, distr. Lodi, existe o lugar *Livraga* de **Liberi-aca* de M. Liberius.

O latín *Liber*, «deus da vexetación, da procreación, da plantación» e o osco gen. *Lúv-fréis* «*Liberi*», tiveron puntos de comunidade originalmente co-as formas céltigas mencionadas. Cf. tamén Servius, in *Georg.* I, 7: «*Quamvis Sabini Cererem Panem appellant, Liberum Lebasium*».

«La divinidad pre-aria *Liber* —di o señor Amor Ruibal— como outras mochas griegas e latinas, vino certamente a través do Pan-teón romano, identificada con el dios Pan, a

dar múltiples compuestos latino-célticos; pero eso no es aplicable a palabras anteriores a la invasión romana, como es sin duda la de que se trata». Com'esto refírese á comunidade italo-céltica, respecto a *Liber*, prescindiremos por agora d'elo pra espriarmos os casos enantes indicados, já que

estes, nos lugares en que s'amostran, son debidos á invasión céltica tamén.

Agora, tocante ao gaélico *llwybr* «path, track», dime o Prof. Pokorny: «*llwybr* geht in einen urkelt, **lebor* zurück, altir. **lebor* «lang».

Berlin-Agosto, 1930.

D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

I.—A VIAXE.

(Proseguimento)

De todos geitos compre marchar. Jantamos no cómodo e fresco comedor do Hotel, caldo, figado fritido, me non lembro que mais, compota, queixo e café, e despois de consumir estas especies do País Basco, alongamola sobremesa deica a hora do tren, gozando d'estarnos quedos e en paz.

O Luis Temes veu connigo deica Bayona. Na gare d'Hendaya, vin a primeira muller pintada: dous lunares na meixela esquerda, sobre rosa. O meu cofre faime pagar 14 francos d'escoso de peso.

De camiño, vemos St. Jean de Luz, Bidart (*Ayer enterraron a Charles Mawleón—en el pequeño cementerio de Bidart—Iban las mozas y los mozos de Arbonne—Y los marineros del mar*), Biarritz. As casas bascas si-guen en gran variedade deica Bayona, e a boina deica Burdeos. Ata Bayona, a liña está electrificada; o tren detense moi pouco, e dende Bayona colle moita velocidade. No meu departamento van dous señores: un moi polido, de fatego gris, colo de pajarita, puños almidoados e antiparras, con seguranza enxeñeiro, non podía ser outra cousa; outro tipo de francés basto.

A paisaxe cámbia dende Bayona: longos


piñeirais, sobreiros, touza con carballos, moito toxo. Dempois unha gran chaira con piñeiros: as Landas. Unha herba aeriforme com'unha polvoriña, que semella pelo de lobo. Vacas pintas, en branco e negro ou en branco e bermello. A gente ara con bois. Casas grises, moitas de madeira, baixas. Aldeas pequenas, algunhas con eireja con torre de chapitel agudo.

As casas dos garda-agullas teñen pretensións aldeans: todas standard, por suposto. E teñen unha hortiña semellante á de Mr Boivin, chamado Boileau, o amigo e compañeiro d'oficiña do burgués Mr. Patisot.

Por fin, Burdeos. Eíquí estou un pouco na miña terra: eíquí naceu un dos meus abós. Gran estación ond'o tren para perto d'unha hora. Baixei pór un telegrama e mercar uns sandwiches pr'a cea. Paseei pol-o andén: canseime, e volví rubir ao tren. Entrou un señor ben fardado: panta'lón, chaleque, chaqueta e gabán, todo do mesmo pano a cadriños miudos castano craro, fita bermella da Legión d'Honor, boina, luvas brancas, boa mala de coiro, anteollos, cara rasurada. Tirou gabán e chaqueta e ficou en jersey, tirou o cabo, os zapatos, puxo unhas zapatillas

sacou unha petaca, e un jornal, alceou un pito e púxose a leer. Despois colleu unha manta e unha almofada e deitouse ao longo do asento. Eu fun escribindo na mesiña ata que cansei. Despois comín os sandwichs; despois tirei a chaqueta e os zapatos, corrín as cortinas, apaguei as luces, deiteime debaixo da miña manta, e...

Acordei perto d'Orleans. Imos pol-a gran chaira à *perte de vue*. Despois d'Orleans, la-



Perfil basco leptoprosope

Perfil basco teutonoide

veime e púxeme en traje de día. Despois lembro somentes a linda paisaxe d'Etampes, e a primeira máquina agrícola.

PARIS

Ninguén m'agardaba no Quai-d'Orsay. Cecaís debéra ouservar, en ousequio dos pasmós, que rubín pol-a escada giradoira, que por certo ten tanta sona, qu'en Berlín, ond'hai varias, ouvín falar d'ela. Ben. Entón fun á oficina d'información perguntar por un Hotel. Había alí un probé portugués a quen non entendía ninguén; naturalmente, ofrecínome d'interprete: o probe home precu-raba un tren pra Hendaya, que non había deica a noite. Desolouse todo. Pergunteille se tiña diñeiro pra xantar, díxome que sí. Entón, despois de m'informar eu, agarrei carteira, maletín e manta, e fun onde me dixeran, alí perto, Hotel des Etrangers, rue de Beaune. Ja no portal, vín qu'era cousa ruín, mais por non andar cos chismes ás

costas, pedín unha habitación pra esta noite, e alí deixei quedar todo.

Era domingo, e había qu'ir á misa. As ruas desertas. Unha campáa soaba perto, e guiado por ela fun pol-a rue Bonaparte, dar a *Saint Germain des Prés*. Eireja c'uns cantos séculos d'história enriba. Moita gente, gran suizo, Conserxe de frac, con cadea ao pescoco, cara moi imitante á d'un amigo meu de Pontevedra, misa moi ben cantada no coro e outra rezada no fondo do ouso románico, colecta no ofertorio.

Despois fun almorzar alí de fronte, na esquina do Boulevard Saint Germain, no *Café des deux Magots*. Logo, seguí todo o Boulevard deica o cabo; pasei por diante da Sociedade de Geografía, ond'havía anunciado pra aquí serán, cultos mormons, e unha conferencia da *Loge unie des Theosophes*. Os mormons levan un nome simbólico: *Les Saints des Derniers Jours*. Simbólico e cecaís profeteco: quen sabe s'os crentes en Cristo non seremos de certo os Santos dos Derradeiros Días! Cheguei ao quai e á Ponte Solferino, paseino entrei no Jardín das Tullerías, avistei o obelisco de Luxor, e entón atopeime na Praza da Concordia.

Tan de tarxeta postal, tan de Portofolio de *El Imparcial* e tan d'ilustración de *La Ilustración española y americana*, que francamente, comprendo que Don Benito Fernández Alonso s'entretivera, con gran indignación d'Eduardo del Palacio, en decirlle chistes en galego a un vendedor de postais...

Dín a volta. Na Ponte Solferino, perguntei onde caía o Boulevard Malesherbes. No Boulevard Malesherbes está o Consulado de Hespaña, e no Consulado de Hespaña, está García Miranda, ademais eu dera na casa as señas do Consulado de Hespaña pra que m'escribieran; arestora debía ter alí algunha carta. Dixéronme que na Madeleine, e aló volví. Andiven todo o Boulevard Malesherbes, deica o 165. Pechado. Chamei, e saíu un porteiro que semella francés e é hespañol: García Miranda iña en Madri; cecaís chegaría

hoxe, cecais mañá; ata mañá á unha, non pode saber s'eu teño cartas. A casa do García Miranda, nona sabe...

Despois d'esta ducha, din a volta. París encomezaba a resultarme nemigo e revoltante a min, que tanto tempo vivía da súa sustanza.

Tiña que maldicer d'iste movemento d'autos, que fan tan arriscado o cruzar unha rúa, que se pode dicir qu'en cada cruce joga un a vida. Hai moitos autos moitos, moitos, moitos, infinitos, e a gente da pé anda a fugir d'íles espavorida. A sensación é talmente de qu'os autos andan á caza do transeunte, de que se botan atergo enriba d'ill qu'o persiguen, qu'o acosan. Já o Temes me dixera que empeza a preocupar seriamente iste trafego, que París já non pode conter tanta gente: é meirande o contido qu'o continente, e o número de disgracias, arripiante. Despois o cheiro da gasolina, que por eixemplo nos quais da Sena, é por tempos afogador.

Voltei por fin ao Boulevard Saint Germain, e fun jantar a un restaurant que se chama *Auberge belge*. Comín ben: ovos, jamón, cerveza... Estaba canso, e case me puña medo botarme de novo a andar. Determinéi de non surtir hoxe da Rive Gauche. Fun tomar café nos *deux Magots*. Case todol-os qu'ali había eran estrangeiros: falaban alemán, inglés, probablemente idiomas slavos. Volvín pasear: vin surtir da Sociedade de Geografía un tipo estupendo, cuto, de longas guedellas grises pol-os hombreiros e barba deic'a cintura, na man un imenso chapeu. Non sei porqué, pensei se non sería Stanisles de Guatía, cuio nome vira no anuncio d'unha conferencia. Vin de longe a torre Eiffel, *guitare du ciel, dont 'a telegraphie sans fil attire les mots com'un rosier les abeilles*, e as torres de Notre Dame. Vin librarías, mais era domingo e estaba todo pechado. Na esquina da rue Bonaparte, había tres cristaleiras con cadros modernos d'ises qu'aínda qu'un queira lle non quedan a un na cabeza. Percorrín a rue d'Abbaye, a rue

Jacob, todol-os cais d'esta banda da sena. Quai Malaquais, Quai Voltaire, etc, e ali andíven ollando libros nos postos. Cheguei a ter unha calambre n-un pé. En fin, na mais espantosa soedade, sen me poder sentar sen que me custara cartos, sen sabel-a hora qu'era—porque podíame ir sentar da outra banda, no Jardín das Tullerías, mais se me deixo estar aló, perdo o tino do tempo, e ademais, pode chegar a medrar tanto iste espantoso movemento, que despois me non estreva a pasar—decidín ir pra o Hotel.

Cheguei, e francamente, aquí longo *couloir* do portal semelloume sospeitoso. Leváronme á habitación: escura, alfombrada de vello, c'un vello sofá e un leito e todal-as cousas d'un lujo deslocido, coma se foran mercadas de vello, usadas, sudadas, co pó incrustado a forza de pasar anos no sitio, algo dino das mais fedentas páxinas de Zola e de Huysmanns, no meio das súas pretensións. Dixén tranquiamente qu'eu ali non durmía, paguei, collín equipage, e fun en procura d'outro hotel. O serán rendía pra todo: aínda había sol pra unha hora ou duas. Na rue de l'Université, din c'un Hotel de l'Intendence de bon tipo, e mozo de frac; hall elegante, relativamente e longo mostrador. Surtíume unha Mademoiselle alta elegante, de loito, moi fina, c'unha fermosa face pálida, moi espiritual ao parecer. Rubeume no ascensor a unha *mansarde*, mais crara, limpa, con dúas feestras, mobles case novos. Eíquí pod'un quedar. Escribí dúas ou tres cartas, descansei un pedazo, baixei, deixei as cartas no comptoir, e fun tomar un bock no Boulevard Saint Germain. Eran as seis menos carto. Demorei ali deica as sete e meia, vendo pasar gente e autos e mais autos, e manífecos autobuses; fun logo cear ao *Auberge belge*, e despois á Sociedade de Geografía ouvir unha conferencia teosófica.

O salón cheo. O confrrenciante, un señor de barba e lentes, un francés común, que dixo as mesmas cousas que din todol-os folletos de propaganda teosófica. Despois da confrerencia

vin que diante da tribuna había dúas mesas onde vendían libros teosóficos sen importancia. N-unha d'elas había unha señora e dous homes. Un d'istes era un rapaz aínda novo, loiro e guapo, de tipo moi distinto e elegante e aspecto sorridente e simpático, mais campeón de tennis que teósofo. A min fíxome moitos cumpridos, todo pra me dar unha folla de propaganda da *Loge unie des Theosophes*. Na outra mesa había cinco señoras moi emprifolladas, unha d'elas outa e guapa, sorte de beatas da boa sociedade. Tamén alí unha señora vella e recomposta, bastante simpática me sonriu e falou moi cumprida. Merquei por dous francos un *Bhagavad Gita*, tradución d'Emile Burnouf, que non foi mala feira de todo.

Tomei outro café nos deux Magots, e fun-me deitar tristeiramente, na miña pequena cama de metal, na miña mansarda.

Cando baixei pra o outro día, lús, pol-a escaleira de caracol ao hall do hotel, eren as dez. Quixen ir vel-o Museu Guimet, e efectivamente, asegún as instrucións que me deron no hotel, fun pol-a rue Bac ao Quai-d'Ors-y, e seguindo todol-os cais da Sena ata a Pont de Jena, paseino—e já non quero dicir con cantos traballos e perigos tod'iste camiño—e atopeime nos fermosos jardins do Trocadero, cheo de señoras e de nenos. Com'as señoras visten todas ben, e os nenos son case todos fermosos e ben coidados, resulta que toda semella gente *bien*. De fronte tiña a torre Eiffel e a gran avenida; mais aquilo todo era cousa já vista, coñecida, repetida e sabida de carretilla, que já daba noxo. Pode qu'a decadencia indubidábele de París na consideración da gente, penda en que já o viron todos, o que non na realidade, nas guías e nos albums. D'iste geito, já non hai quen ature istes moimentos que aínda hai vint'anos eran pasmo do mundo; París chegou a causar na gente a fatiga da repetición constante e reiterada e insistida; chegou á vulgaridade; esta parte, que sen dúbida é a mais moimental perdeu toda importancia, porque

non pode solprender a ninguén. E así con todas as outras cousas: París fartou ao mundo. Foi se cadra a millor cocíña ideolóxica, artística e literaria, mais arestora os estómagos requiren outra mantenza mais ordinaria, e París já non entende de platos fortes e sigue abusando das especias.

Semella que por eiquí non hai tantos autos: en troques levan mais presa os que andan. A circulación en París non está ben orgaizada. A gente da pé anda toda c'un medo cerval: desencanaixan os ollos mirando pra os coches qu'os veñen perseguindo asañadamente, e corren coma coellos. O dito: é unha verdadeira caza. As veces aparece un señor moi teso, moi *yo me lo soy*, afeito ao tráfego da gran cibdade, que dispreziando o perigo, bótase de valente, e pasa moi dino, adispacio, dono de sí e dono da situación, ollando serezo pra un lado e pra outro, ao seu paso, sorteando os autos con extraordinaria abelencia, con aguda vista e cálculo maravilloso; já pasou os dous tercios da rúa: de súpeto todo aquilo severo continente e familiar naturalidade fugeu n-un espertigo de pánico, e o señor bota a correr espavorido e gona desatentado a asera, onde para, pálelo de terror, pra recobral-o respiro e normalizal-o bater do corazón anguniado. Salvou a vida por miragre. Canto ca'díaco ten qu'haber en París!

Gustoume a rue Tok'io, e sobre todo as ruas curtas e solitarias, de pazos, que dan a ela; por elas non andan autos. De qu'atopei a praza de Jena, fun ao Museu Guimet, mais com'era lús, estaba pechado. Valat'o diaño! Tomei un café alí perto, me non lembro do sitio e din volta outra vez á Rive Gauche. N-unha parada d'autobuses, farto já de cruzar ruas por camiños marcados con cravos prateados, custandome mais traballo qu'aos Israelitas pasalo Mar Roxo, determiñei de coller un pra ir á Madanela, onde vin n-un mapa que surtía un tram pol-o Boulevard Malesherbes; mais un señor qu'alí estaba agardando, convinceume de que non valía a

pena pol-a distancia qu'havía, e de que no autobus tardaría mais. Enton voltei outra vez ao Jardín das Tullerías, Praza da Concordia e rue Royale e por fin collín o tram atras da sireja. Mais en lugar de seguir pol-o Boulevard Malesherbes, o tram colleu pol-a rue Villars. Baixei na place Pereyre, mais tiven despois que seguir unha gran rúa tranquiá, que me levou já perto do Consulado.

No consulado hai, á dereita do andadeiro, unha sala d'espera con gente agardando: obreiros, vellas, señoras mais ou menos equivocadas; no andadeiro, unha mesa atrás da que se repantiga o porteiro con certa importancia, manifestamente hespañol, e atrás d'el, a porta de cristais d'unha oficina estilo moderno con valados de cristal e ventanuxos coma nos Bancos. Hoxe, o negocio impón a súa pauta en todo; a finanza domín a política e a Banca ofrece o modelo que sumisamente arremedan as oficinas públicas. Tamén isto é marxismo.

O porteiro, que fala do Cónsul chamándolle co-esa encantadora familiaridade hespañola—que nonos decatamos de canto val—Don Fulano, di que García Miranda aínda non chegou, e logo colle un ficheiro onde s'apretuxan sobres de todas castas e coores, tarxetas postais e outros papeleríos, e non atopa nada pra min.

Pra que falar do meu desalento ao atoparme sen ninguén en París, sen novas da casa, sen saber s'o Martínez Santa O'alla estaría ou non en Bonn, se terei ou non onde meterme en Berlín, s'isto polo visto non ten intrínseco social? En todo caso, canto mellor non estaría eu baixo d'un carballo na Pereira ou baixo d'un castiñeiro en Celeirón, que non no tram que me trouxo pol-o Boulevard Malesherbes car'a Madanela, todo envolto n-unha nube de mouros pensamentos!

Voltei pol-a rue Solferino ao Bulvard Saint Germain. Aquelo já me parez a miña casa. Já me parez que levo anos en París;

as horas renden coma non hai, e os dias non se van nunca. Comín uns sandwichs e bebín cerveja n-un café, e funme meter no Hotel. Tiña que recoller o baúl na estación d'Orleans, e mercar uns poucos marcos. No Hotel encarregáronse do baúl; mañ-os marcos, já estaban os Bancos pechados, porque pasaban das tres. Boteime no leito un pedazo; despois baixei e estiven sentado no hall. Aínda tiña tempo de ver Notre Dame.

Entón fun pol-a rue Jacob, e logo pol-a rue Bonaparte, e parei diante da librería Povolovsky. Todol-os novos coñecen, pol-o menos d'ouvir falar, esta librería. Poucas cousas haberá que teñan o intrínseco e a sugestión qu'as cristaleiras da librería Povolovsky. Dous cadros d'un pintor de nome raro que con vergonza, nen coñezo nen lembro: uns cabalos que semellan calquera cousa. Toda caste de libros d'avanguardia, coas súas cobertas de cartel, coas súas letras que cada unha leva tanta tinta com'unha páxina inteira; libros d'arte xudeu, chinos, xaponeses, egipcio, malayo, bantu, polinesio; literaturas novas ou exóticas. E por riba de toda, os libros slavos. Esa sugestión d'unha portada ininteligible n-absolute, mais exótica, menos adoitada e familiar qu'un libro chino ou tibetano. E aínda mais: as fermosas, as sabias letras rusas, de tan refinada estética coma poden ser os alfabetos orientais. Eu non sei s'os bolcheviques non chegarán, no seu cego afán de novidade, a suprimir o alfabeto cirilico, esa obra de mestre dos Apóstolos do mundo slavo, que é o mais perfecto dos alfabetos occidentais. Capaces son d'iso, co-a xenreira que lle teñen ao pasado, e seica já se tratou de consumir ise malfeito. S'o fan, causarán a Rusia o mais tremendo mal que lle podían causar. A librería Povolovsky reconcilia a un co-a arte nova. Era cousa de vir d'ourense somentes pra vela, e mais aínda, vir c'unha camioneta, carregala de libros, e dar volta.

Ben. Seguin ao Quai Conti, pasei a Sena pol-a Pont Neuf e atopeime na Cite, Quai

des Orfevres. Aínda me metín por alí ata que aboquei no Parvis de Notre Dame.

Cousa tamén coñecida, mais iste é outro cantar.

Puidenme encher por espazo d'unha hora de beleza ojival, que contén a y-alma da verdadeira Europa. O ojival é arquitectura vivente, que semella medrar, mais que por obra d'homens, por unha forza interior a un tempo vegetal e extraordinariamente espiritual. Vegetal e espiritual non son pra min, enténdase ben, termos contrapostos; a espiritualidade das formas vegetais é pra min cousa que s'enxerga de seu e pol-o tanto indiscutíbele. Non abonda ademais—proba indirecta—nen a físeco-química, nen a forza vital, nen a enerxía trófica, nen ningunha cousa d'esas, pr'esprical-a elegante delicadeza d'un fento: a cencia non esprica a forma, a qual fica en troques espricada ademitindo a infusión espiritual do arquetipo no ser, ceais coma tendenza vital a realizar—cada ser individual—unha forma límite. A forma aparecería d'iste xeito coma perfeizón da vida: a vida é potencia en evolución, e a forma é acto, coma se dixeramos, pois non é esta a expresión mais certa, aínda no intre, o único doado. Imos un pouco mais adiante: a forma—esta forma—é pra iste fento qu'eiquí está, un fin, e ceais o único fin... Dm que no home, a y-alma é a forma—sustancial—do corpo; mais esta forma é unha forma interior, invisíbele; namentras que na planta a y-alma está se cadra na forma exterior e visíbele. Nada d'isto se pode tomar no seu senso literal, mais a min seméllame craro d'abondo. E ademais coído que diste xeito, ficarían espricadas tamén a arte e a estética en xeral, que viría ser algo com'a intuición da forma—e a fruición da forma.

Ora: eiquí, diante de Notre Dame de París, convén ouservar qu'eu son d'un pobo románico qu'endejamais comprendeu ben o ojival, de modo e de maneira, qu'o trabucamento é moito mais que posíbele. Poise, a min estame parecendo arestora, qu'esto non

foi feito, non pudo ser feito juntando pezas arredadas, pondo as pedras pouco e pouco, unha enriba da outra, traballosamente labradas unha por unha; o que m'está dando a min nos ollos arestora, é a ruskiniana lámpada da vida.

Se vou ver as esculturas, compre dicir que hai mais luz auroral d'abrente, mais ledo e potente genio, mais verdade, vida e grandeza nas do noso Pórtico da Gloria. Lembrando a rexa e sabia suntuosidade compostelán, o noso poema d'esprito petrificado, os portais de Notre Dame semellan cousa afeminada, doce e decadente. Non teño tempo nen pra inicial-o soletreo dos símbolos, dos que hai ademais unha versión esotérica que lè n-iles o texto inteiro das vedadas cencias.

Mais non é precisamente nas esculturas onde vexo alumar a lámpada da vida; é aínda na parte meramente arquitectónica das columnatas e das fenestras e dos contrafortes, n-esta geometría vivificada e redimida da sua esquemática miseria de conceición de delineante; porqu'esta geometría áchase no paso e no esforzo subprime de se trocar en curva vital sen ecuación doada; áchase no primeiro pulo de rebelión contra Euclides, non en procura da hipergeometría, nen d'espazos nen dimensións trascendentes, senon d'algo semellante a copar a escola... Emporiso, sabemos perfectamente que todo eiquí responde non somentes a cálculo e a figura de compás e esquadra, senon tamén a un esquema simbólico complicado, mais fácil, craro e armónico, coma tamén con seguranza responde a natureza, somentes que no que toca á natureza, aínda non atopamos ise esquema... Eiquí tocamos no misteiro masónico da arte medieval, ceais fora do alcance dos masóns modernos, aleixados do templo.

A todo esto, o sol vai baixando, e agora fire á Cité d'un maravilloso incendio de luz. Vólvense d'ouro ardente as fenestras todas do ocidente, e a gran rosa de Notre Dame, en momentánea realización alquímica. Aló nas pontes da Sena pasan os autos envoltos

n-unha gran poeira d'ouro. O sol de fronte cega, baixo dos arbres, e o serón ten un cheiro fresco e sutil. Diante d'iste luminoso final de día a gran orquesta, d'esta magia de cor que viste a París, o peso de dous días inteiros de tristura e canseira qu'encolla o corazón, desfaiase na leda luminosidade, e o corazón ceibe chouta e canta e bate as áas n-unha súpeta ledicia e n-un enlevamento miragreiro: tod'o meu corpo está traspasado de luz e iste solpór soberbamente fermoso pintou o arco da vella nas negruras da miña y-alma.

Volviendo pol-o Quai des Orfèvres, co sol de fronte, voltaban a min tantos días idos que tiveron unha hora igual a esta n-esta mesma hora, hora fresca das tardes de vrau en qu'o sol dá d'esguello nos arbres e cheira a jardín, e os nosos pés pisan area de jardín, e acenan espranzas no volta da estrada. E n-un instante, de que saín do Parvis de Notre Dame deica chegar ao Pont Neuf, vivín de novo todol-os días aqueles logarítmicamente, coma nos soños.

Ceei no hotel: déronme ollomol e carne d'esa cortada. Despois, encarreguei que me chamaran ás seis e meia, e que me tiveran un taxi, paguei e fun ao café des deux Magots, onde tomei café. Estaba cheo: na terraza, estrangeiros; dentro, rapaces novos iguais aos de todas partes.

Hai já no mundo un tipo uniforme de rapaz novo, non desagradábe'e, pero insu'iso, que na Hespaña, gracias á americanización da face masculina obra da Gillette, e á decadencia do almidón, se non difrenza moito do tipo dos señores vellos; mais eiquí o contraste é moi forte: a generación dos vellos franceses que pasan dos cincuenta anos semella ser outro pobo difrente do que forman os de trinta pra baixo. Tanto colo de pajarita, tanto clavillo na cravata de nó feito na frábica, tanta barba, tanto cabelo con carreira, tanto chaquet, tanta roupa de corte antigo... Son com'os señores d'Ourense d'enantes da guerra de Cuba. Ademais, avéllanse moito mais,

Hainos de tipo moderno e elegante, pero un pouco recomposto, e ademais, case todos conservan os bigotes pol-o menos, e moitos as barbas. E da outra banda, os rapaces novos, que todos semella, eiquí e alá, que se visten en tendas de roupas feitas, todos de colo brando, todos rasurados, todos penteados pra trís. Tipo standard, roupa standard, mentalidade standard.

Por fin viñenme ao Hotel. Durmin pouco e mal. Ouvín dal-as seis; ás seis e meia viñéronme chamar. Prepareime e baixei pol-a escada de caracol. Ja estaba ali o taxi, cargaron, e á la gare du Nord... Ruas e ruas sen gente, luz de mañán nebracenta, fresco e sono.

CAR'ALEMAÑA.

Arranjado todo na estación longa, grande e porca, fun precurar aló no cabo o meu tram, e metínme n-un bó coche de segunda, con tornos pr'os abrigos, e letreiros en francés e alemán: *Nicht hinauslehnen!*—*Ne pas se pencher au dehors!* Rube un alemán de tipo ordinario. Despois, mais gente. E podo ouvir a primeira frase en alemán: Un dos que ruben busca unha plaza, e o alemán responde:

—*Es ist besetzt!*

Arrancamos, e deixando París, por antre raires, ringlas de wagóns e toda sorte de ferrollos, emprincipiamos a correr pol-os prados e leiras estesos pol-a chaira, pol-os bosques onde nos metiamos ás veces, por antre verdes pasteiros con vacas pintas, negras ou bermellas, por diante de casas mais rústicas e meirandes que no W, cada unha con duas chamineias no cumio do tellado, unha de cada lado, por diante de gente que traballaba a terra con cabalos percherons... Eu iba meio adormentado. Lembro confusamente Saint Quentin, e a chegada d'un francés que viña vel-os pasaportes. Despois já non foi tope near, senon durmir afeito, ata qu'acordei na fronteira belga.

Rubiron duas vellas con tipo inteiramente de peisanas. Levaban seus correspondentes cachanitos, que coma moitos que se ven en París, caxeque pretendían ser de moda. Eran dous castos culeiros do grandor d'unha testa de muller, co cú hemisférico e tinguidos de negro. Despois levaban abrigos deica cs pés, mais no wagón sacáronos e ficaron c'uns jerseys de punto un pouco folgados. Logo zugaron laranjas, e a y-auga escoáballes pol-o papo e pol-os dedos. Co-elás iban dous señores de millor tipo qu'elas, señores vellos de vila, un pouco menos apaisanados. Falaban francés e semellaban boa gente. De súpeto anunciaron o paso pol-a alfándega belga. Todos apresaa, baixamol-as malas, deitámolas nos asentos e abrímol-as. Apareceu unha sorte de carabiñeiro outo, moreno, d'ollos craros e bigote roxo, d'uniforme gris e un outo chaco de gran bisera. Moi simpático e moi fino. Non fixo mais que ollar ou faguer qu'ollaba por encima:

—*Rien à déclarer?*

—*Rien.*

Saudou militarmente, e foise. No pas'illo namentras, berraba un rapaz novo, guapo e simpático, algo que non se l'entendía. Seica era pol-os pasaportes. Levaba un uniforme case negro. Démosl'os pasaportes, mirou, devolveu e sigueu berrando por ali adiante. Todo cousa de segundos. O tren já vol'vía a andar.

Agora unha paisaxe linda, algo de cromó, con montes, casas típicas, lameiras con vaquiñas pintas, ríos, pontes de ferro, pontillós rústicos, penedías. Todo inteiramente industrializado, mais amostrando esa alianza da tradición co progreso já ouservada no País Basco, coa conservación de todo o que é típico e diferencial, sen absurdos mimetismos, o qual indica a outa ideia de sí mesmos que teñen istos pobos, ideia na que pende a súa grandeza.

Logo Charleroi: frábicas e frábicas e mais frábicas; chemineas e carbón; ferrollos de todas castes e feitíos; aparellos estranos;

enormes moreas d'escorias con aparellos enriba; total-as fealdades do mundo, e ao longe agúllas góticas e chapiteis; e d'iste geito tempo e tempo. Todo un longo camiño por varias estacións e de cote antre frábicas e ferrollos e de cote perfis ojivais no longa. Toda Bélgica debe ser d'iste geito. Vou remarcando a alianza da arte gótica cos ferrollos industriais, síntese das terras do Norte. Semellan as dúas formas superpostas da y-alma d'unha raza loira e un pouco fría.

Ollemos e consideremos ben o gótico e o industrial—que tamén ten unha face característica, e tamén é, en canto repertorio de formas, unha arte—son dous espritos—o espírito é ao millor a surface da y-alma—ou son un só? El hai unha verdadeira contraposición formal, de feitío, antr'arte gótica—nun senso geral e en conxunto—e a máquina? Lembro certas gravuras e iluminuras medievais, góticas, qu'arestora non podo determinar individualizadamente, repersentando en especial ruas de cibdades, nas que figuran unha chea d'aparellos e mecanismos, grúas mais ou menos rudimentares e por ali adiante, que con seguranza non desdín moito do qu'eu vin en Charleroi. Somentes co-as dúas imaxes unha a carón da outra poderíase indicarl-a miña ideia. E' moi posibele ademais, e isto os qu'estuden a historia da técnica poderano dicir, que moitas das nosas maquinarias d'agora señan as descendentes directas, as formas derrac'eiras d'evolución, de mecanismos já empregados na época gótica, sen que teñan esprimentado un cámbio na súa esenza mecánica ou física. A min paréceme qu'isto tén unha importancia chave, na historia e na teoría da cultura. O que non quero é que sirva de justificación estética das máquinas o buscarlles un parentesco fidalgo co estilo ojival. Esaú e Jacob tamén naceron d'un parto.

Nas estacións belgas hai pouca gente, mais a que hai é leda, simpática e rideira, e non se l'entende o que fala.

Ven logo un traieuto agrícola coa súa pel-

sage doce e un pouquiño amaneirada. E despois Liège, coma sempre, gótico e industrial. Na estación merquei uns sandwichs, pagando en francos franceses. Aínda nos leva tempo pasar Bélxica, e levaba unha fame adcecida.

As casas que vexo teñen todol-os tellados moi pínos coas consabidas dúas chamineas, e fenestras de *croisée* pintadas de branco sobr'un fondo gris escuro. Hai algunha *mansarde*. No campo, lindos pazos, estilo *chateau*, con torres, hedras e jardís.

Alternan os traieutos agrícolas e os traieutos industriais. En moitas estacións, o tren non para.

Agora ja non quedamos no departamento mais que tres alemás e mais eu. Os tres alemás son: o que rubeu en París e que ven de Lisboa; outro alto, hó mozo, tipo señorial, moi ben fardado, persona fina, que leva un ollo tapado con seda negra; e outro de gafas con tipo d'infeliz, qu'asegún reza a sua mala, é o Dr. R. T. Van antr'íles falando, e eu non entendo nen tan xiquera unha verba.

Por fin chegamos a Herbestal, onde veñen recoller os pasaportes. Por certo qu'o meu devolvéronmo sen abrillo.

Imos entrar n-Alemaña. Enión, tod'o que hai en min de coitado de badoco, de provinciano, d'apoucado, de metido na casa, d'aconchegado nas faldas da camilla, d'indeciso, de desconfiado, de medrán, arrevoívese adentro do meu peito n-un pulo de protesta e d'espanto, e reméxeme as entranas e os humores todos, diante da friaxe do descoñecido. No istante, desazcoume e avergonzoume pungente, esconsoladamente aquela revolta, aquíl «non quero» do *homo rusticus* contra d'un tan singelo esprimento, que me viña matal-o goce da descuberta. Despoixas por fin, agradecínlle qu'inda que fora d'iste geito decentio, me lembrara a sua presenza. N-efeito: qu'iba ser de min, s'houbiera perdido aquilo mais fondo, o millor, despois de todo, o non deshumanizado?

(Continuaráse)

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A ESPOSICION D'ARTE GEORGIAN EN BERLIN.

DAS exposicións públicas feitas en Berlin n-esta tempada — Exposición do vello Berlin, Exposición en lembranza do poeta Walter von den Vögeleide, etc. — cecais ningunha tan intresante com'a d'arte georgiana, aberta nos baixos do Museum für Völkerkunde II (antigo Kunstgewerbemuseum) pol-a Sociedade alemáa pra o estudo da Europa Oriental, e o Comisariado d'Educación popular da S. S. R. de Georgia. O seu principal intrínseco está en qu'ise pobo era eiquí — coma di o scado escritor Stefan Zweig — «vergoñosamente descoñecido».

A Exposición contén obras d'ed' século IV ao XVIII, d'arquitectura, pintura mural, prata repujada, bordado e miniatura. Trátase case escrusivamente d'arte relixiosa. As

arquitecturas están presentadas en fotografías e deseños, e as pinturas murais en reproducións a toda cor e do grandor dos orixinais. O Prof. Dr. Georg Tschubinaschwili escribiu unha introdución á Guía da Exposición na qual trai curiosa notizas en col da arte georgiana, e fai consideracións tocantes á sua importancia pr'a historia da arte cristiá primitiva. Di que n-esta, unha das custións mais controvertidas é a da formación da cúpula, e tocantes a isto, fala das casas labregas de Georgia, que teñen sóbr'un espazo cadrado, coberta cupular, construída en madeira. Na Exposición hai deseños d'unha d'estas casas, que por certo amostra nas trabes com'adorno, a rosácea exagonal idéntica á dos nosos mobles e jugos de bois e o mesmo as entalladuras en triángulos e zig-zag.

Pol-a sua parte, Essad-Bey, n-unha breve noticia en *Die Literarische Welt*, di que a

arquitectura georgiá é propiamente nacional e qu'as suas orixes deberon en parte estar nos antigos templos transcaucásicos; qu'os templos cristiáos primitivos d'Italia Francia e Alemaña, teñen os seus paralelos incomprensibles nas eirejas de Georgia, o que fai matinar qu'a arte georgiá, polo camiño de Bizancio influíu na Europa.

Pois ben, non somentes puiden observar nas fotografías e deseños alí expostos, moitas semellanzas na ornamentación escultórica co-a dos estilos ditos visigóticos, asturián e mozárabe (entrelazos, grecos e palmetas) senon qu'atopei tres *arcos de ferradura* nas arcaturas da eireja do mosteiro de Nekressi, do século IV, dous d'eles unha miga apuntados, e o outro non, e outros dous na planta dos ousos d'outra eireja do mesmo mosteiro de Nekressi (sec. VI-VII) e da de Gawasi (sec. VI) que é de cruz grega.

Os iconos de prata dourada, os vestidos e ornamentos das pinturas murais, teñen un ar moi bizantino. Solprendentes son sen dúbida os panos bordados, obras case todas dos séculos XVI, XVII e XVIII, nos que o tema do enterro de Cristo repítase varias veces, tendo sempre nas catro esquinas as figuras do Tetramorfo. As letras sirven a un tempo de leenda escriptiva e de motivo ornamental, coma nos árabes. Son obras d'unha gran beleza.

Tamén as finas iluminuras de códices, algúns moi pequenos, e d'unha escritura moi perfecta. As pinturas murais teñen ademais curiosos detalles d'indumentaria e de leenda.

Por non queren ademais as conceicións spenglerianas, os entendidos vólvense tarumba pra clasificaren e espicaren esta arte, tan nidiamente encaixada no círculo cultural que Spengler chama *mágico*. E despoixas veñen con que se s'imita aos iconos bizantinos e ás miniaturas persas, formas todas fillas do mesmo espírito.

Esprito é o que sole faltar a esta ciencia profesional e malpocada.

V. R.

ANGEL AMOR RUIBAL.

Nós asóciase de todo corazón ao doo de Galiza pol-a morte do sabio autor de *Los Problemas modernos de la Filología comparada y Los problemas fundamentales de la Filosofía y del Dogma*. Filólogo, filósofo e teó-

logo, Amor Ruibal foi unha das figuras mais ricas e senlleiras da ciencia galega; embora fose eiquí pouco coñecida a súa obra ingente arrodeouno de cote a admiración respeitosa de todos os que d'il ouviron falar. Sabíase que lle non puñan medo os cumes mais ergueitos do pensamento humán. Todo n-il iba envolto no misterio da súa modestia. Se non deixou feita obra especificamente galega, sabíase qu'a preparaba, e de todos geitos, Galiza estaba orgullosa d'il, e con razón. Agora já vai na Patria eterna e pode ollar de frente a solución de todos os arcanos. Que Deus lle dea o prémio dos seus traballos e virtudes, e lle deixe un día contempra-la súa Patria d'eiquí embaixo cintilar á luz do saber, do traballo e da liberdade.

CASTELAO NA BRETAÑA.

O Seminario d'Estudos Galegos ten recibido numerosas publicacións armoricanas, cheas de loubanzas pra o traballo do noso compañeiro: *As cruces de pedra da Bretaña*. Ve'eiquí o que di *An Oaled*:

«Hai dous países cristiáos no mundo onde a densidade de cruces de pedra é igualmente extraordinaria: a Bretaña e a Galiza. Ademais sempre dicir qu'as cruces qu'abondan mais nos dous Fisterres son tan semellantes, que non sería asinado estudalos separadamente. Por esta razón, un socio do Seminario d'Estudos Galegos, visitou a Bretaña, enantes de qu'iste Centro publicara cousa ningunha en col dos calvarios da Galiza».

«Iste traballo, escrito en lingua galega é o resultado de catro meses de pelerinaxe pol-as terras armoricanas e ha servir pra fa-guer coñecer no noso país un aspecto da arte popular bretona que aumentará aínda o parentesco dos dous países célticos».

O GORSEDD DE 1930.

Tivose na capital do antigo País de Pele'm, os días 23, 24 e 25 d'Agosto.

Houbo un concurso d'enseñas de comercio en bretón; outro de leitura e espicación en lingua bretona, antre rapaces; sesión solene d'apertura, con discurso de Taldir, alboradas na gaita de Cornualles e Highlands, conferencia do Tenente Coronel Ives de Boistoissel, descendente dos antigos señores de Pele'm, e cantos bretos; jornada popular, con discurso

do Marqués de l'Estourbeillon, cantos bárdicos con acompañamento de harpa, unha representación teatral, concurso de danzas e traxes; retreta nocturna; sesión do *Gorsedd Kuz*; por fin, o *Gorsedd Digor*, en Lam ar Roc'h, levando o *com-boud* o druida Abalor (Le Berre), a espada d'Artur, Telen Aour (La Guichardiére,) a vaina, C'honil Dero (Iam Garel), o corno da abundancia, Karevro (Even) e a media espada, o ovato Potr Goelo (Dr. Menguy), e recibindo a investidura de druida o capitán escocés Jam-Mac-A'ister Moffatt-Pender (Mab Perinaik) e pondo a cerimonia baixo o patronato da y-alma do P. Gregoire de Rostrenen, autor bretón do século XVIII.

Din que foi das mais fermosas festas que ten celebrado a Sociedade dos Bardos e das de mais grande éxito. A imprensa bretona e a de París concedéronlle grande atención, e o *Gorsedd Digor* foi filmado polo novo aparello sonoro de Pathé-Consortium, co que a lingua bretona dará a volta ao mundo.

A farándula tradicional foi guiada polo a'calde, Le Bennic e polo deputado Marqués de Kerouartz. A vila toda engalanada pra festa.

A y-alma céltica trunfa.

LIBROS

CATALUNYA ENDINS, por Joan Estelrich, Barce'ona, Llibreria Catalonia, 1930.

I NDA non hai moito que tivemos ocasión de falar de *La Qüestió de les Minories nacionals*, d'Estelrich. Joan Estelrich ten estudado con predilección este asunto e trátalo con extraordinaria autoridade, faguendo d'el unha exposición clara e justa. Agora, neste libro novo, cinguese áo problema catalán, collido n'algús aspectos qu'atopa reveladores d' unha crise da conciencia cívica catalana: crise do libro, crise do público, crise do carau'e, que diz se produciu en Cata'uña d'end'a Dictadura e d'end'a escisión d'Acció catalana. É un libro de polemista, valente, sereco, que fai a crítica da actuación do catalanismo nos tempos dictatoriais, sen perdoar nen á dereita nen á esquerda, e que sinala unha atitude no autor, de gran outura moral e forte e sentido patriotismo.

Libro tan metido en Cataluña e nas suas intimidades, que resulta de non doada leitura pra que non estea moi ao tanto dos moitismos acontecementos de todo orde de que n'el se fala. Propiamente pra catalás: unha sorte d'ensame de conciencia, e d'esploración psicológica, tan preciso sempre en todos os pobos, e que tan preciso nos sería a nós.

«O catalán semella moi craro visto de longe ou n' unha primeira visita... Vistos de mais preto ou de longe, c' unha certa costancia, já encomenzan a desconcertar... Mail-os que vivimos dentro e ouservamos o noso pobo e meditamos a cotío nas condicións dos catalás, chegamos a perder toda idea clara de conjunto, chegamos a non comprendel-a n' esa psicología colectiva». Verbas que semellan escritas pra Galiza... Mais non escapan tan doadamente os catalás á crarisema intelixencia d'Estelrich.

Din qu'iste é un libro escrito en contra do confucionismo politeco, e na *Revista de Cata'unya*, engade Domenec Guansé que en contra das esquerdas. Cecaís non seña asina. E si o é, será porque aló com'eiquí, é nas esquerdas onde mais domina o confucionismo politeco. En todo caso, sería en contra das esquerdas e non en contra do esquerdismo. Porque precisamente, Estelrich insiste moitas veces na necesidade de non desbotar a ningún partido, senon d'aproveital-o labor de todos na obra común do catalanismo.

Ainda unha mostra mais de lucidez politeca.

LOS PAZOS GALLEGOS, cuaderno VI
Vigo. Editorial P. P. K. O. 1930.

C ONTÉN iste cuaderno vistas e deseños herúdicos dos pazos de Vilacoba, Anceis de Drozo, Gimonde, Armuño, Amarante, Laxe de Monterroso, Outeiro, Hospital d'Incio, Casaldereito, La Billerma (A Villerma?), Castro, Piñor, Quintans, Rua Nova, Rubianes e Sotomayor, en compañía d'estensas notas históricas e genealógicas que lle sirven d'ilustración.

Imp. NÓS - Linares Rivas, 50 - A Cruña

Nova obra de Euxenio Montes

Versos a Tres Cás o Neto

Volume XXXVII de NÓS

3 pts.

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32

SANTIAGO

San Andrés 50

A CRUÑA,

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estableci-mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18-Ourense

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todol-os elementos que exigen a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas
Boticas, Droguerías,
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurans e
vagos-camas de
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son
o remedio enxebre e eficacísimo
cand'un quer combater o Artritismo,
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades
diversas, doenzas do Aparello diges-
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquisma auga de mesa
===== gaseada naturalmente =====

Mondariz-Baneario, áchase á de 35 Km. Vigo